Servizos Públicos
Autonómica

# Informa-t

# UGT SOLITA Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DATOS PARA PODER NEGOCIAR A OPE DA LEI 17

*Santiago de Compostela 29/07/2021*

O pasado día 21 de xullo, a Consellería de Sanidade remitiu o **borrador** de Resolución, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde pola que se **convoca concurso-oposición** para o **ingreso en diversas clases de persoal funcionario sanitario da escala de saúde pública e administración sanitaria (Lei 17/1989, do 23 de outubro).** Indicouse a apertura do prazo para a realización de **alegacións, ao borrador, ata o día 20 de agosto.**

Ante este borrador, **UGT Servizos Públicos** ven de presentar **solicitude de aclaración e concreción de adecuación ás normas derivadas dos Acordos, tanto Estatal como Autonómico, asinados por UGT**.

Procede polo tanto que con carácter previo á presentación de alegacións ao documento remitido, a Consellería dea resposta ás seguintes consideracións:

- Que como consecuencia do **Acordo de mellora do emprego público estatal** asinado o 29 de marzo de 2017, entre o **Ministerio de Hacienda e Función Pública e as Organizacións Sindicais UGT**, CCOO e CSIF, deu lugar a que as Leis de Orzamentos do Estado contemplasen os chamados **procesos de consolidación e estabilización do emprego público.**
- En **Galicia**, o **Acordo de Concertación do Emprego Público**, asindo polo Goberno da Comunidade Autónoma e as Organizacións Sindicais **UGT** e CCOO, plasmou a concreción do Acordo Estatal na nosa Comunidade Autónoma, dando lugar a **Ofertas de Emprego** con determinadas **especificidades de simplificación de procedementos e temarios**, desenvoltas a través das convocatorias realizadas nos anos 2018, 2019 e 2020.
- Parece lóxico que con carácter previo á negociación do documento remitido, a **Consellería de Sanidade**, proceda á **determinación e alcance das medidas previstas no Acordo de Concertación**, en atención a facilitar ás Organizacións Sindicais o **número de prazas, por corpo, escala, especialidade e clase** que se verán incluídas no ámbito do alcance da norma de referencia.
- ***A priori*** e sen entrar á realización de ningún tipo de alegación sobre o documento remitido, debemos indicar que este **non segue os parámetros dos distintos procesos negociados no ámbito da Dirección Xeral da Función Pública, no respecto a número de exames e temarios.**

Por elo **UGT solicitou** á Consellería que:

- Se proceda a **facilitar o número de prazas obxecto dos procesos**, en atención a determinar o **número de persoas interinas por corpo, escala e clase** que ocupan as mesmas e coa **indicación do tempo de servizos das mesmas**, ao obxecto de coñecer si se está a proceder á convocatoria de todas as posibles afectadas polas quendas correspondentes, **consolidación, estabilización e libre**.
- Se estime esta razoada solicitude, e **se proceda a reenviar para alegacións** unhas **bases de convocatoria adecuadas aos parámetros** seguidos pola Dirección Xeral da Función Pública nas Ofertas de Emprego Público de conformidade co **Acordo de Concertación do Emprego Público de Galicia.**

*Secretaría de Autonómica UGT Servizos Públicos Galicia*
*Correo electrónico: sindicato-uxt@xunta.gal*
*www.fespugt.es www.facebook.com/FESP-UGT-Galicia-Autonómica*

O Público
o noso compromiso